



## BASES REGULADORAS DA ACTIVIDADE OBRADOIROS DE ENTROIDO 2019

As presentes bases regulan o proceso de inscrición no Obradoiro de Entroido que terá lugar no Espazo Infantil o sábado 2 de marzo de 2019.

**Sábado de Piñata.** Gran troula entroideira coas nenas e nenos disfrazados. **Sábado, 2 de marzo de 11 a 13h.**

### 1. NÚMERO DE PRAZAS E REQUISITOS

Ofértanse 25 prazas para rapaces e rapazas de entre 4 a 12 anos, ambos incluídos, empadroados no Concello de Barbadás para o **Sábado de Piñata**.

**A adxudicación de prazas realizarase por rigurosa orde de inscrición.**

**A inscrición é gratuita.**

### 2. PRAZOS

O **prazo de inscrición** será desde luns 18 de febreiro ata o mércores 27 de febreiro de 2018 (ámbolos dous incluídos) , **podendo ampliar este prazo en caso de non cubrir a totalidade das prazas.**

O xoves, 28 de febreiro publicarase a lista de admitidos en cada unha das actividades no taboleiro de anuncios do Espazo Infantil, na Casa de Cultura e páxina web do concello.

### 3. INSCRICIÓNS

3.1 A inscrición poderá realizarse no Espazo Infantil en horario de 8.30 a 14.30h e en horario de apertura de tarde **de forma presencial, por fax ou correo electrónico** e constará de:

- Unha folla de inscrición individual debidamente cumprimentada que se facilitará no Espazo Infantil ou que se poderá descargar directamente na páxina web do concello, e cuxa sinatura ten os efectos de autorización para a asistencia do ou da menor á actividade.



3.2 As solicitudes presentaranse na seguinte dirección, fax ou e-mail:

***Espazo Infantil de Barbadás***  
***Parque da Solaina s/n, 32002 A Valenzá (Barbadás)***

***Tel: 988391526 Fax: 988234725***

***e-mail: [xuventude@barbadas.es](mailto:xuventude@barbadas.es)***

3.3 Os datos reflexados na documentación presentada deberán ser certos na súa totalidade; de non ser así, suporá a baixa automática e a perda de todos os dereitos de participación na actividade.

#### **4. ORGANIZA**

**Concello de Barbadás**  
**Concellaría de Cultura**